



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, POLA QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA PRESENTADA POR D. [REDACTED] (CÓD. PR100A).

ANTECEDENTES

1. Con data 17/05/2016 recibíuse unha solicitude presentada por D. [REDACTED] de acceso á información pública, co obxecto de coñecer información sobre o parque móbil dos axentes medioambientais, en canto aos seguintes aspectos identificados polo solicitante: “km., idade de matriculación, estado, en propiedade ou alugado”.
2. O solicitante motiva a súa petición no “estudo do estado do parque móbil dos axentes medioambientais a nivel Galiza”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. De acordo co disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso á información pública corresponderalles á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Segunda. O artigo 24.1 da mencionada Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece o dereito da cidadanía a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia. Esta normativa foi aprobada por Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Terceira. De acordo co disposto no artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma ten a competencia exclusiva en materia de caza, pesca fluvial e lacustre e sobre as normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23ª da Constitución Española.

Así, polo artigo sétimo do Real Decreto 167/1981, de 9 de xaneiro, de transferencia de competencias do Estado á Xunta de Galicia, en materia de conservación na natureza, transfírense as seguintes competencias: “(...) g) *A protección, conservación, fomento e ordenado aproveitamento das riquezas piscícola e cinexética e a aplicación das medidas conducentes á consecución destes fines.*(...)”

l) A vixilancia e control das augas continentais, en canto se refire a riqueza piscícola e demais finalidades do Instituto.”

A Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza establece que “a inspección, a vixilancia e o control da materia obxecto desta lei corresponderanlle á Consellería de Medio Ambiente, a cal promoverá os mecanismos de control necesarios cos demais órganos da Administración autonómica de Galicia e o resto das administracións públicas”. No seu parágrafo segundo engade que “no exercicio das súas funcións, os axentes forestais e os demais corpos de inspección, vixilancia e control da Consellería de Medio Ambiente terán a consideración de axentes da autoridade, sempre que realicen funcións de inspección e control en cumprimento desta lei e acrediten a súa condición mediante a correspondente documentación”. O Decreto 293/1997, de 1 de outubro, incide nesta mesma consideración de axentes da autoridade respecto dos axentes forestais.



O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio, atribúelle a esta consellería as competencias en materia de conservación da natureza, e concreta no seu artigo 12 que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza é o organismo que exercerá as funcións de ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais.

Para o desenvolvemento destas funcións que ten asignadas, a Consellería dispón dunha serie de medios materiais adscritos á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, entre os que se atopa un parque de vehículos, e de medios humanos, que se agrupan en diversas categorías de persoal (técnicos, axentes facultativos medioambientais, axentes forestais, e vixiantes de recursos naturais).

A solicitude presentada versa, polo tanto, sobre información relativa aos medios materiais afectos ao exercicio das funcións de control, vixilancia e inspección que teñen atribuídas os axentes medioambientais, que o solicitante circunscribe aos seguintes datos do parque móbil: quilometraxe, idade de matriculación, estado, en situación en propiedade ou aluguer.

Cuarta. En canto ao dereito de acceso á información pública, o artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que o mesmo só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica. Á súa vez, a normativa básica se contén no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, que dispón que o dereito de acceso poderá ser limitado cando o acceso á información supoña un prexuízo para:

“(….)e) A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.(….)

g) As funcións administrativas de vixilancia, inspección e control.(….)

l) A protección do medio ambiente”.

No presente caso resultan de aplicación as limitacións establecidas neste precepto, toda vez que a divulgación da información solicitada sobre o estado do parque móbil afecto ao exercicio das funcións de vixilancia, inspección e control por parte dos axentes medioambientais podería mermar gravemente o efecto disuasorio propio destas potestades e dificultar a prevención, investigación e sanción dos ilícitos administrativos, ao situar nunha posición de vantaxe a cantos pretendesen a comisión dunha infracción fronte á Administración titular daquelas potestades.

O axeitado desenvolvemento das labores de inspección, co fin último de protección do medio ambiente, esixe, polo tanto, preservar o necesario sigilo sobre o estado dos medios materiais dos que dispoñen os axentes medioambientais.

Asemade, non se verifica a concorrencia dun interese privado superior ao interese público inherente ao correcto desenvolvemento pola Administración das súas funcións de inspección e vixilancia e á protección do medio ambiente. Na solicitude, o interesado menciona como motivación da súa petición “o estudo do estado do parque móbil dos axentes medioambientais a nivel Galiza”, estudo que non só entraría dentro das competencias que corresponden exclusivamente á Administración autonómica sobre a xestión dos seus bens demaniais (artigo 4 da Lei 5/2011, de 30 de setembro), senón que non pode razoablemente prevalecer sobre o interese público presente no exercicio das potestades mencionadas.

Quinta. Por outra parte, o artigo 12.b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, dispón en canto á publicidade activa en materia de información patrimonial, a obriga de facer público “o número de vehículos” dos cales a Administración autonómica é titular ou arrendataria.

Esta información foi obxecto de publicación no “Portal da transparencia da Xunta de Galicia e Goberno Aberto”, ao que calquera cidadán pode acceder a través do enderezo <http://transparencia.xunta.gal>.



En consecuencia, tendo en conta a solicitude formulada e a normativa citada, no presente caso non resulta procedente facilitar outra información distinta que a xa publicada no Portal da transparencia da Xunta de Galicia e Goberno Aberto, xa que o acceso á información solicitada podería causar un grave prexuízo as funcións administrativas de vixilancia, inspección e control que exerce o persoal que presta servizo na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Polo exposto, logo de examinar a solicitude presentada, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais normativa de aplicación, a Subdirección Xeral de Contratación e do Patrimonio PROPÓN a adopción da seguinte

RESOLUCIÓN:

- 1º.- Desestimar a solicitude de acceso á información solicitada por D. [REDACTED].
- 2º.- Notificar ao interesado esta resolución, que pon fin á vía administrativa, coa indicación de que contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da interposición de reclamación potestativa perante o Valedor do Pobo no prazo dun mes, en virtude do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2016
O subdirector xeral de Contratación e do Patrimonio

[REDACTED]

Vista a anterior proposta de resolución que realiza a Subdirección Xeral de Contratación e do Patrimonio, este centro directivo ACORDA darlle a súa aprobación nos seus propios termos.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2016
A Secretaría Xeral Técnica

[REDACTED]